

ESTREA EN NUMAX: 02.05.2022 | V.O.S.E. | TP

Sesión dedicada á obra da artista multidisciplinar Alejandra Pombo Su, galardoada co Premio Numax Exhibición no Festival Intersección 2021. A cineasta galega presenta e programa a seguinte selección de curtas:

- Space Jumps (2011, 12')
- Hold It (2017, 17')
- Mimic This (2021, 11')
- Fade to Black (2021, 12')

**INTER
SECCIÓN**

CONTEMPORARY
AUDIOVISUAL
ART
FESTIVAL



Entrevista con Alejandra Pombo Su: «Interésame a creación dunha subxectividade que non se consome, senón que está en constante creación»

Por Mónica Maneiro

O erro daría pois o tema fundamental destas obras? Acórdome cando cheguei a Berlín no 2002 para vivir alí durante un tempo e non sabía unha palabra de alemán. Durante os primeiros días precisei mercar pasta de dentes. Fun ao supermercado e orienteime visualmente para chegar ao sitio onde se atopaba. Chamoume a atención unha que poñía algo de bio (unha das poucas palabras que conseguín entender) e decidín mercala, xa que me entrou curiosidade por probar (por aqueles tempos os produtos biolóxicos para min eran algo certamente exótico). Ao principio estaba sorprendida do pegañenta que era, pero relacioneino enseguida cun punto rústico que supoñía debido ao bio. Pero ao cuarto día xa me mosqueei e decidín traducir o que estaba escrito no tubo. Obviamente non era unha pasta de dentes, senón pegamento para dentaduras postizas. Este erro, resulta unha anécdota graciosa pero non transcende máis aló. O feito de que utilizase a pasta de pegar dentaduras como dentífrico non transcende o meu modo de ver, pensar, experimentar unha pasta de dentes. A pasta de dentes sígoa vendo da mesma forma. O erro interesante na arte é aquel que te trastorna de tal maneira que xa non te abandona, porque te fixo experimentar unha situación de estrañeza que te arrastra lonxe, onde non sabes, onde nunca che esperases estar, de tal forma que te permite chegar a ver, percibir, pensar, sentir a realidade dun modo diferente ao habitual. Eu, como artista, síntoo como a miña misión. A arte parte da subxectividade do artista, pero para min é fundamental chegar a ese «algo máis» que te exceda, que te sorprenda.

Noutros traballos posteriores como Wild Palms percíbese un interese pola idea de presenza pero tamén pola idea de construción do suxeito. Facer algo presente de modo que iso faga presente ao outro (espectador) relaciónoo coa idea de construción de suxeito, xa que non se trata dun proceso de identificación co espectador, senón dun proceso de creación de subxectividade que confronta ao espectador co seu propio desexo e non cun que veña xa dado de antemán. Interésame a creación dunha subxectividade que non se consome, senón que está en constante creación en relación á propensión da situación. Aí é onde o desexo non é un desexo estratéxico, senón que é un desexo en elaboración, onde o sorprendente, o inimaxinable, o imposible, dáse lugar. Para min, a obra de arte é o que dá forma a todo iso «sorprendente» que te vas atopando no proceso, e poder así facelo compartible e ofrecelo ao mundo.

No canto de provocar un proceso narrativo e pautar unha historia a través das imaxes seleccionadas que non teñen aparente conexión unhas con outras, o que consigues nos teus últimos traballos é que o espectador vaia creando as súas propias historias a través desas imaxes. Como enfocas o teu interese polo narrativo no audiovisual? O meu interese na narrativa vén coa experimentación na montaxe, a través do que chamo «narrativa emocional». Para iso traballo a imaxe a nivel de textura, a cor, as capas, o corte e a duración na montaxe. Todo iso conforma un ritmo que dá forma á película. O que me interesa dese ritmo é que xere unha trama a través de emocións que che toquen pero que non sexan específicas, é dicir, non se trata de sentimentos concretos como alegría, tristura... senón de emocións que a nivel de sentimento son indeterminadas, que teñen que ver máis co formal e o estrutural, e ás que para darlles sentido fai falta a participación do espectador na creación da súa propia historia.